

25 Aniversario
1991-2016



Asociación
Terapia Familiar
e Mediación de Galicia

OBRADOIRO EN LIÑA

Jorge Ayala Salinas

CONVERSACIÓNS SOBRE A VIDA TRAS O INTENTO SUICIDA



Jorge é licenciado en Psicoloxía Clínica e especializado en Terapia Sistémica Breve. Leva máis de 14 anos exercendo como psicoterapeuta e docente cunha ampla experiencia impartindo formación, tanto presencial como en liña.

Sóavos o blog de "El Terapeuta Estúpido"? Adiviñade de quen é.

PRESENTACIÓN

Galicia é a segunda comunidade con máis mortes por suicidio só por baixo de Asturias. De media en Galicia, case unha persoa ao día perde a vida pola súa propia man e é a segunda causa de morte non natural. Na última década, o número de mortes por suicidio nunca baixou das 300 persoas por ano.

Coñecer os principios prácticos da **Terapia Breve Centrada en Solucións** en situacións de **intento ou risco suicida** permítenos descubrir como aplicalos na conversación terapéutica usando diferentes ferramentas para construír solucións, creando esperanza e autonomía.

A pesar de que a crise nos orienta cara a unha historia de dor, a práctica centrada en solucións ensínanos a colaborar para que as persoas poidan descubrir os coñecementos, recursos e habilidades coas que responden á vida no presente, representando accións útiles para o futuro, afrontando a ideación suicida.

Neste obradoiro aprenderás a:

- Crear preguntas de afrontamento que descubran os coñecementos e habilidades máis útiles das persoas.
- Crear preguntas orientadas a construír un futuro desexado con esperanza.
- Enlazar cada pregunta coa última resposta do cliente.
- Centrarte na xestión da crise e non no seu afondamento.
- Usar o que a persoa trae e funciona.
- A importancia vital dos 10 primeiros minutos de conversación con persoas que loitan contra o desexo de morrer.
- Desenvolver unha indagación que fortalece a representación persoal dando o salto do "que anda mal e produce dor" ao "que anda ben e produce un coñecemento útil para a vida".
- Crear unha conversación que dea un salto da crise á creatividade.

 <https://www.ayalajorge.com>

 Jorge Ayala

 Jorge Ayala. Terapia Breve Centrada en Soluciones

 Que fue lo más útil

PREZOS

- Asociados/as da ATFM de Galicia/FEATF/SPTF: **10 €** ⁽¹⁾
- Colexiados/as do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia: **15 €** ⁽²⁾
- Estudante universitario/a, máster y 3º Ciclo: **10 €** ⁽³⁾
- Desempregados/as: **10 €** ⁽⁴⁾
- Outros/as profesionais: **20 €**

Seleccione...

Tipo de inscrición

Nome e apelidos

Enderezo

C.P.

Localidade

Teléfono

Email

Titulación Universitaria

Datos fiscais se solicita factura (Nome/empresa, NIF)

Asociación de Terapia Familiar e Mediación de Galicia

Número de conta banco Sabadell Gallego:

ES55 0081 0499 6700 0181 8088

Remitir esta ficha de inscrición **editable** xunto co xustificante de pago e a documentación requirida antes do prazo límite de recepción a **info@atfmgalicia.com**.

Teléfono: **615 207 595**

(1) Comprobarase na **FEATF/SPTF**.

(2) Xuntar carné colexiado/a.

(3) Xuntar certificación da **Secretaría da Facultade**.

(4) Xuntar xustificante actualizado da situación de desemprego.

En cumprimento da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos persoais serán incluídos na base de datos da Asociación de Terapia Familiar e Mediación de Galicia (ATFM) ante a cal poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición na Rúa de Amio 114, 15707 Santiago de Compostela.